

NOVAS INVESTIGACIÓNS SOBRE DON JUAN ANTONIO POSSE. PRESENTACIÓN EN LEÓN DUN LIBRO SOBRE O CREGO LIBERAL GALEGO

—

Xosé M^a Lema Suárez

O pasado 29 de maio de 2022 faleceu en California (EE.UU.) o profesor Richard Herr, catedrático emérito da Universidade de Berkeley, historiador e hispanista estadounidense experto no pensamento ilustrado español e portugués do séc. XVIII. O 7 de abril cumprira cen anos; era o decano dos correspondentes da *Real Academia de la Historia* española.

Herr realizou moitos estudos sobre a historia de España e de Portugal do séc. XVIII, con obras como *España y la revolución del siglo XVIII* (Madrid 1962), pero para galegos e leoneses é sobre todo coñecido por ser o editor e comentarista, en 1984, das agora famosas *Memorias* do cura liberal galego don Juan Antonio Posse¹.

Nada sabía eu deste cura liberal -máis ben colectivista- que nacera en Soesto (Laxe) en 1766, que exercera o seu ministerio en tres parroquias do reino de León e que escribira as memorias da súa vida contra o ano 1834, unha vez que os seus inimigos absolutistas xa deixaran de perseguilo.

1 HERR, Richard (1984): *Memorias del cura liberal Don Juan Antonio Posse con su discurso sobre la Constitución de 1812*. Edición a cargo de Richard Herr. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas (CIS) / Siglo XXI de Editores (en adelante, Herr 1984).

Tiven certa relación epistolar con Mr. Herr entre 1999 e 2008, debido a que lle enviei ó seu domicilio californiano o resultado de novas investigacións sobre o cura, algunhas miñas: a súa partida de bautismo de 1766 -que certificaba que o lugariño de Quintáns Meáns citado nas memorias era, en efecto, o pertencente a Soesto (Laxe)-, o seu derradeiro testamento e acta de defunción (os dous de 1854) e, sobre todo, o libro que titulei *Un novo documento de don Juan Antonio Posse: a 'Plática Tercera' (1838)*, publicado en 1998².

Con anterioridade, na primeira nota a rodapé das *Memorias* de Posse (p. 17), o profesor Herr expresara as súas dúbidas sobre o lugar de nacemento do crego, e tampouco tiña noticia do ano da súa morte, nin, moito menos, de que Posse publicara, tras a redacción da súa autobiografía, unha nova obra de carácter político: a *Plática Tercera (1838)*, un comentario crítico á Constitución de 1837. A primeira publicación fora, en 1813, o seu *Discurso* ou *Sermón* a favor da Constitución de 1812, pola que sería perseguido e encarcerado polos absolutistas de Fernando VII.

Mr. Herr respondeume cunha carta moi amable, datada o 18-06-1999, acompañada dunha recensión do meu libro antes citado, recensión que se publicaría na revista *A Trabe de Ouro* n^o 39 (1999)³, que deste xeito foi a única publicación galega que conta cunha colaboración do ilustre profesor, como así consta no seu fondo bibliográfico (en liña: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/autor?codigo=94880>).

Tamén lle remitiría en 2008 as *Actas da I Xornada sobre a figura de don Juan Antonio Posse*, das que falarei máis adiante.

Casualmente, o pasado 1 de xullo de 2022 estiven en San Andrés del Rabanedo (León) para asistir á presentación dun novo libro que incrementa a bibliografía sobre o sacerdote natural do concello de Laxe: *El infraescrito. Andanzas del cura J. A. Posse en el San Andrés del siglo XIX*, da leonesa Paloma Fernández Oliver⁴, nun solemne acto presidido polo concelleiro de Cultura deste *Concejo* leonés e con nutrida

2 LEMA SUÁREZ, X. M^a (1998): *Un novo documento de Don Juan Antonio Posse: a «Plática Tercera» (1838)*. Introducción, edición e notas de Xosé M^a Lema Suárez. Presentación de E. Pardo de Guevara. Santiago de Compostela: CSIC / Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento' (Cuadernos de Estudios Gallegos. Monografías, 3) (en adiante, Lema Suárez 1998).

3 HERR, Richard (1999): "Xosé M^a Lema Suárez : 'Un novo documento de Don Juan Antonio Posse: a «Plática Tercera» (1838)'" . *A Trabe de Ouro* n^o 39 (xullo, agosto, setembro 1999). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións (en adiante Herr 1999).

4 FERNÁNDEZ OLIVER, Paloma (2022): *El infraescrito. Andanzas del cura Posse en el San Andrés del siglo XIX*. León: Círculo Rojo Editorial.

presenza de veciños e veciñas⁵. O acto realizouse, precisamente, no *Centro Cultural Juan Antonio Posse*, que leva o nome do cura desde finais do séc. XX.

Esta noticia e a publicación deste libro en León, do que fun prologuista, sêrvenme para actualizar as investigacións sobre o crego. O que vén a continuación é un resumo do meu prólogo, que en boa parte repetín na presentación da obra. Vai dirixido, maiormente, a un público leonés con pouca información sobre o personaxe.

O QUE SABEMOS DE DON JUAN ANTONIO POSSE: RESUMO E POSTA Ó DÍA DAS INVESTIGACIÓNS SOBRE A SÚA VIDA E OBRA.

Don Juan Antonio Posse Varela, natural de Soesto (Laxe-A Coruña) en 1766, foi un cura galego que exerceu o seu ministerio en tres parroquias da actual provincia de León: Llánaves de la Reina (1794-1798), Lodaes (1798-1807) e San Andrés del Rabanedo (1807-1854), onde faleceu. O seu pai levárao de Soesto á localidade leonesa de Las Muñecas -ó leste da capital- á idade de 12 anos, en 1779, para facer estudos eclesiásticos cun seu tío cura, de nome Andrés, párroco desta localidade.

Posse é unha figura controvertida, posto que como relixioso se distanciou das características xerais dos seus colegas da época, a inmensa maior parte deles absolutistas e conservadores. Pasa por ser un sacerdote ilustrado e liberal; constitucionalista e tamén afectivamente galeguista e mesmo «curiosamente, protonacionalista gallego» (Richard Herr dixit: p. 292 das *Memorias*); republicano nunha época en que poucos o eran; colectivista, cando todo o liberalismo defendía a propiedade privada; anticlerical -e rixoso loitador contra a Inquisición- e, á vez, profundamente crente e relixioso, con notoria influencia de lecturas xansenistas. En suma: considerado polos seus teimudos perseguidores «enemigo del Trono y del Altar». Gumersindo de Azcárate, ilustre xurista e político leonés de ideoloxía republicana, defíneo en 1883 como «un cura de aldea, célebre por su ilustración, sus ideas exaltadas, la energía de su carácter y las persecuciones de que fué víctima en 1814 y 1823».

5 O concello de San Andrés del Rabanedo, situado ó oeste da cidade de León, no Camiño de Santiago, conta coas localidades de San Andrés del Rabanedo, Trobajo del Camino, Barrio Pinilla, Villabalter e Ferral del Bernesga. Nos últimos anos pasou de ser un arrabalde da capital leonesa a converterse no terceiro concello máis poboado da provincia, cuns 30.160 hab., só por detrás de León e Ponferrada (en liña: https://es.wikipedia.org/wiki/San_Andr%C3%A9s_del_Rabanedo).

Deixou escritas dúas importantes obras de carácter político: o *Sermón* ou *Discurso* de 28 de novembro de 1812, en que defende a Constitución promulgada en Cádiz o 19 de marzo anterior -publicado ese mesmo ano en León e ó seguinte na Coruña-, e unha crítica á de 1837: a chamada *Plática Tercera*, publicada en León en 1838, da que se descubriu un único exemplar na década de 1990 na súa casa materna de Soesto.

Así e todo, polo que é máis coñecido -sobre todo polos estudosos do liberalismo español do XIX- é polas súas memorias autobiográficas, redactadas contra 1834, pero que permaneceran ocultas ata 1880, cando chegaron a mans do citado Gumersindo de Azcárate, quen conseguiría que a revista *La Lectura* as dese a coñecer case na súa totalidade de 1916 a 1918; infortunadamente quedaron sen publicar os capítulos finais, que corresponderían ó período comprendido entre os anos 1820 e 1834.

Volveu editalas nos nosos días (1984) o hispanista estadounidense Richard Herr, e isto motivou que xa nas últimas dúas décadas do pasado século fosen moi lidas e comentadas. Eu tiven coñecemento delas por medio de Ramón Villares, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela (USC), quen, sabedor da miña investigación en curso sobre a arte relixiosa do arciprestado de Soneira para a miña tese de doutoramento, faloume das interesantes memorias dun cura que posiblemente nacera nunha das parroquias obxecto do meu estudo.

Fixenme decontado cun exemplar destas memorias, que lin en pouco tempo. Tal como comentaba na súa introdución Herr, constituían un espléndido documento histórico, antropolóxico e sociolóxico das zonas rurais dos daquela reinos de Galicia e de León nos últimos anos do século XVIII e no primeiro terzo do XIX.

Posse iniciaba o seu relato dicindo que nacera «a las extremidades de Europa occidental, en Quintáns meáns, lugarillo de la parroquia de San Estevan de Suesto, Jurisdicción de Vimianzo». Como queira que na primeira nota a rodapé Herr dicía que no Nomenclátor de Galicia non dera atopado ningún Quintáns Meáns, aínda que si ata 25 Quintáns, pero ningún deles situado en Soesto, non se atrevera a certificar o nacemento do sacerdote nesta freguesía nin moito menos situala no seu mapa dos «Sitios en Galicia mencionados por Posse».

Non tardei en acudir ó arquivo parroquial de Santo Estevo de Soesto, onde localicei a acta bautismal do cura, no folio 99 r^o do *Libro de Bautizados* de 1737 a 1800. Publiquei despois este achado no 'Cuaderno de Cultura' de *La Voz de Galicia* [LVG] (9-08-1984), con este título: "Datos inéditos sobre J. A. Posse, crego liberal de Soesto (Laxe)".

Esta acta certificaba de maneira definitiva o seu nacemento nesta parroquia do concello de Laxe, comarca de Bergantiños, unha das que conforman o territorio

coñecido hoxe como Costa da Morte (pero non daquela). Aínda que o mar nunca foi o seu medio de vida, Soesto é unha parroquia bañada polo Atlántico.

Fixen un alto na redacción da miña tese e dediqueime a investigar máis sobre Posse. Richard Herr lamentaba que a partir de 1820 xa non se sabía máis do cura, pois a publicación das súas memorias quedara interrompida nos capítulos finais. Tamén se ignoraba por completo o ano do seu falecemento.

En 1985 enviei, sen sequera saber o seu nome, unha carta ó párroco de San Andrés del Rabanedo para solicitarlle a localización nos libros do arquivo parroquial da acta de defunción deste seu remoto antecesor no cargo. Non tardou en contestarme o reitor desta parroquia, D. Longinos Redondo, e non só me enviou copias das actas de defunción de Juan Antonio e da súa irmá Francisca -datadas o 13 de maio e o 24 de xaneiro de 1854, respectivamente-, senón que tamén se molestou en localizar e facilitarme copia do derradeiro testamento do crego, outorgado o 31 de xaneiro do mesmo ano, días despois do óbito da súa irmá e ama de chaves.

Grazas a esta investigación puidemos saber que o cura Posse vivira, malia as múltiples penalidades sufridas, ata os 88 anos, unha idade ben lonxeva para a época. Publiquei estes documentos noutro artigo que encheu unha páxina completa do xornal: “J. A. Posse, párroco de San Andrés del Rabanedo” (*LVG* 26-09-1985).

Aproveito para que quede constancia, aquí e agora, ante veciños e veciñas de San Andrés, do meu recoñecemento cara a estoutro voso párroco, don Longinos, que me atendeu con suma amabilidade sen me coñecer de nada. De el é, xa que logo, o mérito da localización destes documentos de Posse: a acta de defunción e o seu testamento. Eu limiteime a publicar estes achados citando o seu nome, como é de xustiza. Uns anos despois, o 1-04-1999 visitei a igrexa parroquial e tiven ocasión de falar con el en persoa. Díxome que en canto recibiu a miña carta comprou o libro das *Memorias* e puxérase a lelo con sumo interese. Amosoume as derradeiras partidas asinadas polo seu antecesor no libro de defuntos, das que fixen fotos (publicadas nas páxinas 21, 22 e 23 das *Actas do I Simposio*, 2008). Eu enviáralle anteriormente copias dos meus artigos, e pregunteille se, como estaban en galego, tivera dificultades para entendelos; contestoume que non, para nada, posto que se servira dos seus coñecementos de latín.

Non o puideron coñecer máis a fondo, pero non teño a menor dúbida de que era un home culto e tolerante. Gardo del un grato recordo e alégrome de facelo público aquí e agora para a veciñanza de San Andrés como unha contribución máis ó libro de Paloma Fernández que hoxe presentamos. Tanto Paloma como o que lles fala temos a sospeita de que este voso párroco, a raíz da lectura das memorias de Posse a partir de 1985, deu a coñecer a súa figura ás autoridades locais

e, posiblemente grazas a iso, o Concello de San Andrés decidiría outorgarlle o nome de Juan Antonio Posse non só ó Centro Cultural da vila, senón tamén a unha das rúas da localidade.

Por estes artigos, ós que o xornal *La Voz de Galicia* lles dera ampla difusión nas páxinas culturais, no concello de Laxe houbo xente que se interesou polo seu ilustre paisano, particularmente en Soesto. Por afortunada coincidencia, uns amigos, a profesora Sinda Cundíns e o seu marido Xosé Ameixeiras, xornalista de *La Voz*, observaron que a casa familiar dela, do lugar de Soesto de Abaixo, conservaba o nome de *Casa Vella* ou *Casa de Mariana*, a pesar de estar xa, loxicamente, moi reformada. Mariana fora o nome da nai do noso personaxe, falecida en 1822; foi grato constatar que a memoria oral conservou o nome da vivenda durante máis de douscentos anos e seis xeracións. Tamén por afortunada casualidade nela atoparon os seus donos un importante impreso da autoría do crego posterior ás memorias: a xa citada *Plática Tercera*, do ano 1838, o único exemplar do que temos noticia⁶.

Sinda e Xosé tiveron a amabilidade de facilitarme unha copia do impreso e, andando o tempo, decidín estudalo a fondo e publicalo (Lema Suárez 1998). Aproveitei para facer, nunha primeira parte, unha aproximación á vida e á obra de Posse xunto cunha relación de documentos biográficos non rexistrados no libro das súas memorias, como eran a súa partida de bautismo (Soesto 1766), unha citación á súa nai Mariana Varela, cando xa levaba anos encamada (Soesto 1819), o seu testamento e a súa acta de defunción. Na segunda parte reproducín íntegro o documento impreso da *Plática Tercera*, con notas a rodapé. Trátase dun comentario crítico á segunda das constitucións españolas, a de 1837, que en xeral pasa por ser progresista por ter sido promulgada polos liberais desta tendencia, pero non o é para Posse, que a critica duramente, sobre todo polas excesivas prerrogativas que nela se outorgaban á figura do monarca. A historia posterior viría darlle a razón. En diversas ocasións comentei que a súa análise a asinaría calquera dos historiadores actuais, pero el realizouna no mesmo momento, cunha sorprendente visión de futuro. Por outra parte, estraña que o achado en Soesto sexa o único exemplar conservado, pois naquela altura, xa medianamente implantado en España un réxime liberal, publicacións de carácter político como

6 *PLÁTICA TERCERA / POR / DON JUAN ANTONIO POSSE, / CURA PÁRROCO DE SAN ANDRÉS, / EN CONTINUACIÓN DE LA ORDEN DEL JEFE POLÍTICO. / Para el cuarto Domingo 28 de Enero de 1838. / LEÓN: Imprenta de D. Cándido Paramio, calle de la Rúa. / Setiembre de 1838.* Tén unha sinatura na cuberta, “Dn. Juan Pose de Leis”, que corresponde a un sobriño-neto seu, fillo do seu sobriño Vicente Manuel Posse de Leis, que foi quen quedou a vivir na casa patrucial de Soesto.

esta deixarían de estar prohibidas. Tampouco temos noticia das dúas *Pláticas* anteriores, primeira e segunda, que, por pura lóxica, tiveron que existir.

Fixen presentacións en Galicia desta publicación. Foi moi especial a de Laxe do 16-03-1998, co salón municipal de plenos ateigado de público. Ó ser coeditado polo *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* (CSIC), distribuíuse por bibliotecas públicas de toda España. Tiven o coidade de enviarlle varios exemplares ó Prof. Richard Herr, que por aqueles anos xa regresara ós Estados Unidos e residía na Universidade de Berkeley, California, onde era catedrático emérito. Respondeume cunha carta datada o 18-06-1999 acompañada dunha recensión do libro editado por min. Tal recensión publicaríase na revista galega de pensamento *A Trabe de Ouro* este mesmo ano. Como é lóxico, considerei unha grande honra que o máximo investigador e coñecedor da figura do cura dedicase unhas páxinas ó meu opúsculo (Herr 1999)⁷.

UN DOS MELLORES ESCRITORES AUTOBIOGRÁFICOS ESPAÑOIS

Ó ano seguinte, con data do 26-12-2000, recibo carta de Fernando Durán López, profesor de Literatura Española da Universidade de Cádiz, a quen non coñecía. Dime que chegara ó seu poder *Un novo documento...: Plática Tercera (1838)* [1998] e comunicame que xa anteriormente, en 1997, el mesmo incluía unha entrada sobre Posse no *Catálogo comentado de la autobiografía española (siglos XVIII y XIX)*. Así mesmo, envioume unha separata dun artigo seu en que a figura do noso cura ocupaba a maior parte das páxinas⁸. Por outra parte, notificábame unha recensión do meu traballo, que eu descoñecía, por parte dun dos grandes especialistas do liberalismo español, Alberto Gil Novales⁹. Adiantoume que estaba redactando a súa tese de doutoramento sobre as autobiografías de escritores españois dos séculos XVIII e XIX e que a de Posse era na súa opinión das máis interesantes.

Esta era a valoración que facía o profesor gaditano do clérigo, na carta que me remitiu a finais do ano 2000:

7 Como xa adiantei nunha nota a rodapé anterior, esta recensión d'*A Trabe de Ouro* figura no fondo bibliográfico do Prof. Herr.

8 DURÁN LÓPEZ, F. (1997): "El campo y la ciudad en los albores de la autobiografía moderna en España (Mor de Fuentes, Posse, Somoza)"; *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo*, nº 4-5; pp. 81-97.

9 GIL NOVALES, A. (1998): "Xosé M^a Lema Suárez (ed.): *Un novo documento... A 'Plática Tercera' (1838)*"; revista *Trienio* nº 32. Madrid.

«En fecha reciente he tenido noticia de su libro sobre Juan Antonio Posse con la edición de la *Plática Tercera* (1838). Con este motivo me tomo el atrevimiento de hacerle llegar un par de artículos míos donde estudio algún aspecto limitado de la obra autobiográfica de ese escritor. Tengo un gran interés por Posse, de quien en 1997 incluí una entrada en un Catálogo comentado de la autobiografía española (siglos XVIII y XIX) (...) [Posse] es también uno de los autores que con más extensión y detalle trato en mi tesis doctoral sobre la autobiografía de ese mismo período. Allí le dedico un buen número de páginas, porque sin duda es uno de los mejores escritores del momento en ese género y es una verdadera lástima lo poco que sabemos de él y lo desconocido que sigue su nombre en las letras españolas» (Fernando Durán, carta de 26-12-2000).

Noutra carta, datada a finais de xaneiro do ano seguinte, opinaba que:

«...la obra de Posse es del todo extraordinaria en la historia de la autobiografía española por muchos conceptos, pero en concreto es la única que incluye un relato de infancia extenso, hondo y conectado con el estudio de su personalidad íntima, algo que no se encuentra en ningún autor español de su época, ni anterior ni posterior, al menos hasta principios del siglo XX. A mi juicio esta valoración de la infancia está muy relacionada con su nostalgia y amor por Galicia, y con el resto de características de su obra, que lo convierten en un autor muy adelantado a su tiempo» (F. Durán, carta de 22-01-2001).

Durán López publicaría a súa tese de doutoramento cinco anos despois, unha voluminosa obra de 513 páxinas en que se analizan polo miúdo as autobiografías duns vinte autores españois do século XVIII e principios do XIX, algúns deles de gran renome, como Gregorio Mayáns, frei Martín Sarmiento, Tomás de Iriarte, Antonio de Capmany, Sebastián Miñano, Leandro Fernández de Moratín ou Gaspar Melchor de Jovellanos¹⁰. Nesta listaxe de persoeiros comprendidos entre as datas extremas de 1733 e 1848 a súa predilección polo párroco de San Andrés manifestábase con claridade:

«[Posse] es uno de esos escritores anónimos postergados por una coyuntura histórica, un modo de vida y una suerte personal que han contribuido a oscurecerle (...), pero en sus líneas brilla una mente lúcida y vigorosa. (...) Sin duda, España ha perdido en él un gran escritor que apenas nos ha dejado algunos retazos de un talento que no pudo nunca dejar salir. Todo esto lo convierte en una figura peculiar del primer liberalismo español, que necesitaría un estudio más detallado» (Durán López 2005: 246-247).

10 DURÁN LÓPEZ, F. (2005): *Vidas de sabios. El nacimiento de la autobiografía moderna en España (1733-1848)*. Madrid. CSIC / Instituto de la Lengua Española (en adelante, Durán López 2005).

Na páxina 252 chega a afirmar que «las memorias de Posse son de las más avanzadas, lúcidas y completas de su tiempo». Podería continuar con máis citas laudatorias que o autor da investigación lle dedica ó noso cura, que son moitas, pero seguramente alongaría demasiado esta presentación.

O 21 de abril de 2007 a directiva do Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte (SEMESCOM) que me honro presidir, organizou na vila de Laxe a *I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio Posse, o crego liberal, con motivo do 240 aniversario do seu nacemento*. Ademais de reputados especialistas galegos tamén participou o profesor Durán López, que se desprazou desde Cádiz atendendo á nosa invitación. O seu relatorio -“Don Juan Antonio Posse o la revolución de la subjetividad: hechos e interpretaciones en torno a un cura de aldea”- foi un dos que suscitou maior interese, posto que ofrecía o estudo máis recente e profundo da obra e do pensamento do crego. Está publicado nas *Actas de la I Xornada* (pp. 147-170) xunto cos relatorios dos outros conferenciantes e a miña introdución¹¹.

Con motivo da celebración desta *I Xornada*, o Concello de Laxe procedería á colocación dunha placa conmemorativa na *Casa de Mariana* de Soesto con esta lenda: «Aquí naceu D. Juan A. Posse (26-12-1766), crego liberal defensor da Constitución de 1812. Laxe 21 de abril de 2007». Foi nun acto sinxelo presidido polo alcalde Antón Carracedo e os propietarios da vivenda -Dolores Caamaño Pose (descendente da irmá maior do cura) e Manuel Cundíns-, que contou coa presenza dos relatores e demais asistentes á citada *Xornada*, que tamén visitarían a igrexa de Santo Estevo de Soesto, onde se bautizara o crego (consérvase a pía bautismal), e a Area de Soesto, praia a mar aberto onde se bañara de mozo -tiña 23 anos- naquel para el feliz verán de 1790, na primeira visita que fixera a Galicia e á casa familiar desde a súa marcha de 1779.

Pouco despois, o 27 de maio de 2007 o Concello de Laxe inauguraba en Soesto o *Centro Social Juan A. Posse*, local moi ansiado pola veciñanza, segundo a pren-

11 LEMA SUÁREZ, X.M^a (editor) [2008]: *Actas da I Xornada sobre a figura de D. Juan Antonio Posse, o crego liberal, con motivo do 240 aniversario do seu nacemento (Laxe 21 de abril de 2007)*. Noia. Ed. Toxosoutos (en adiante, *Actas I Xornada* 2008).

Estes foron os títulos das outras conferencias, xunto cos seus autores: “A Coruña, referente do liberalismo galego” (Ana M^a Romero Masiá); “Os inicios da burguesía industrial en Laxe” (Xosé M^a Méndez Doménech); “O clero en Galicia nos tempos de Juan Antonio Posse” (Pegerto Saavedra Fernández); “O idioma galego na vida e na época de don Juan Antonio Posse” (Ramón Mariño Paz). A min correspondeume a introdución: “Breve resumo da vida e obra de don Juan Antonio Posse”.

sa, sobre todo porque se carecía na parroquia dun espazo propio no que acudir a votar. Non deixa de ser unha boa homenaxe para unha persoa que tanto sufrira pola democracia.

Noutra orde de cousas, cómpre engadir que, mediante un *Contrato de Constitución de Depósito de Libros* datado o 3-02-2011, Dolores Caamaño Pose cedeu en depósito ó Concello de Laxe o impreso orixinal da *Plática Tercera (1838)* e un catecismo da doutrina cristiá, impreso en Valladolid en 1840, que pertenceu ó sacerdote, pois leva a súa sinatura nas portadiñas¹². As dúas obras atópanse no Museo do Mar de Laxe, dentro dunha urna de cristal. Don Juan Antonio tamén figura neste museo como un dos personaxes ilustres nados no concello de Laxe, xunto co poeta en galego Antón Zapata e o xeólogo Isidro Parga Pondal.

NOTICIA DUN NOVO PROCESO XUDICIAL E PRISIÓN DE POSSE (1827)

Algo verdadeiramente importante: na parte final destas *Actas* (pp. 175-199) tamén publicamos a documentación completa do daquela descoñecido proceso xudicial aberto contra Posse en 1827 por se ter mostrado insolente co gobernador eclesiástico da súa diocese¹³. Nada se sabía deste novo proceso, que veu confirmar o que se sospeitaba: a persecución que volveu sufrir durante a chamada Década Ominosa de Fernando VII, que o levou de novo a prisión, onde foi maltratado e humillado, como se pode ver nos documentos publicados na parte final das *Actas*. Ignoramos cando puido saír do encerro; sen dúbida despois da morte do monarca, en 1833, cando a súa viúva, María Cristina de Borbón, a raíña rexente, decretou unha amnistía.

Non tardei en enviarlle ó Prof. Herr un exemplar destas *Actas*, pois esta nova persecución e encarceramento constituía unha novidade na (auto)biografía do eclesiástico. Respondeume nunha carta datada a finais de outubro de 2008:

12 *El Catecismo de la Doctrina Cristiana explicado, ó explicaciones del Astete que convienen también al Ripalda, por el licenciado D. Santiago José García Mazo, Magistral de la Santa Iglesia Catedral de Valladolid. Cuarta impresión. Valladolid Imprenta de Aparicio. Año de 1840.*

13 “Un novo dato biográfico de don Juan Antonio Posse: o seu proceso e encarceramento de 1827” (*Actas I Xornada* 2008, pp. 175-199). O documento do seu proceso xudicial, da *Chancelaría* de Valladolid -hoxe depositado en Madrid, na *Subdirección General de Archivos Estatales*-, fora localizado na Rede polo lembrado amigo Roberto Mouzo Lavandeira (1964-2013), membro do SEMESCOM.

“Querido Xosé (si me permite). Recibí ayer el ejemplar del nuevo libro *Actas de la Primera Xornada sobre... Posse*. Muchas gracias por la atención. Lo he repasado con sumo interés, felicitándome que la admirable figura cuya memoria tuve la suerte de despertar se haya convertido en el sujeto de tan activa investigación y admiración. (...) ¿Me puede decir cuando será la presentación? Intentaré enviar una felicitación por correo electrónico a tiempo.

Me quedo admirado de la bibliografía que ha aparecido sobre Posse. Quizás se podría añadir la pequeña mención (2 páginas) que Joaquín Costa hace de la autobiografía de Posse en su *Colectivismo agrario en España*, capítulo 3, sec. 16 (la edición que tengo es de Americalee, Buenos Aires, 1944, págs 148-150). Comenta su entusiasmo por el sistema colectivo del pueblo de Llánabes. Cordialmente, Richard.

Richard Herr. Professor of History, emeritus. University of California, Berkeley” (carta datada en 29-10-2008)

A felicitación por correo electrónico enviaríama despois, o 1^o de decembro deste ano; do seu contido falarei máis adiante.

En base a este novo dato, o do acto procesual, o 2-11-2007 remitinlle unha nova carta ó xa citado párroco de San Andrés, Longinos Redondo, na que lle pedía se me podía informar, previa consulta dos libros parroquiais, se figuraba ou non a sinatura de Posse entre os anos 1822/23 a 1834. A misiva veume devolta e supuxen o peor: que don Longinos falecera¹⁴. Un tempo despois volvíñ escribir outra carta para o párroco que sucedera no cargo a don Longinos. Enviáballe adxunto o texto do proceso de 1827 e informábao das últimas investigacións. Infortunadamente non recibín resposta, nin tampouco me veu devolta a carta. Sen comentarios.

En maio de 2009, varios membros do SEMESCOM desprazámonos á provincia de León para facer un percorrido polos lugares onde vivira o sacerdote. Un dos viaxeiros foi o xa citado xornalista Xosé Ameixeiras, que publicaría a modo de resumo un artigo a páxina completa con este título: “A ruta vital de Juan Antonio Posse. O Seminario de Estudos Comarcais prepara unha viaxe polos pobos leoneses nos que transcorreu a vida do crego liberal nacido en Soesto (Laxe)” [*LVG*, 14-06-2009].

Eu tamén daría a lume no mesmo periódico un total de cinco artigos dedicados ós catro lugares que visitamos, nos que o noso paisano residira entre

14 Cando escribía este prólogo, Paloma informoume que don Longinos falecera máis tarde, o 23-05-2013, ós 85 anos de idade. Sen dúbida xa estaba retirado en 2007 por razóns de idade.

1778 e 1854: Las Muñecas¹⁵, Llánaves de la Reina¹⁶, Lodaes¹⁷ e San Andrés del Rabanedo¹⁸.

Na visita a San Andrés quedamos sorprendidos de que aquel lugariño que en época do cura Posse parecía un simple arrabalde da cidade de León, se tiñese convertido na cabeceira do terceiro municipio de máis poboación da provincia leonesa, grazas ó seu enorme crecemento das últimas décadas. O título do artigo dedicado a San Andrés respondía ó feito de descubrir a existencia do *Centro Cultural Juan Antonio Posse* e dunha rúa na súa memoria. Os viaxeiros “possianos” nada sabíamos e ben que nos agradou. Era domingo e este centro estaba cerrado, pero deixamos a unha amiga galega, profesora da *Universidad de León*, o encargo de entregar nel un exemplar das *Actas da I Xornada*, celebrada en 2007 en Laxe.

Con motivo da conmemoración en 2012 do 200 aniversario da Constitución de Cádiz, publiquéi varios artigos na prensa en papel e dixital sobre Posse¹⁹. Neste mesmo ano, o 23 y 24 de novembro, o SEMESCOM organizou en Vimianzo, en colaboración co Concello, as *II Xornadas sobre a figura de D. Juan Antonio Posse (1766-1854) no bicentenario do seu Discurso a favor da Constitución de 1812*²⁰.

15 “Las Muñecas, primeiro destino do cura Posse” (*LVG*, 23-06-2009).

16 Dous artigos: “Llánaves de la Reina, primeiro curato de Posse” (*LVG*, 2-07-2009); “As relacións do cura Posse cos seus fregueses de Llánaves” (*LVG*, 12-07-2009).

17 “Lodaes, o segundo curato de Posse, unha vila asolagada” (*LVG*, 19-07-2009).

18 “A cidade de San Andrés del Rabanedo, en León, mantén viva a memoria do cura Posse” (*LVG*, 26-07-2009).

19 “Lembranza de dous cregos. O carballés Suárez de Rioboo e o laxense Posse tiveron papeis dispaes” (*LVG*, 18-03-2012); “Juan Antonio Posse, crego liberal, defensor da Constitución de 1812” (en liña: www.praza.com, 19-03-12); “Bicentenario da Constitución de Cádiz: actitudes opostas de dous cregos da Costa da Morte en 1812” (en liña: www.quepasanacosta.gal, 21-03-12).

20 Foron os relatores destas *II Xornadas*: Alba Nogueira (profesora de Dereito da USC): “A Constitución de 1812 e o Discurso de J. A. Posse na súa defensa”; Ana M^a Romero Masiá (catedrática de Xeografía e Historia de E.S.): “Avances e retrocesos do liberalismo galego a través do exemplo coruñés (1808-1837)”; Víctor M. Castiñeira Castro (licenciado en Historia): “A vida cotiá na Costa da Morte na época de J. A. Posse”; Xosé M^a Méndez Doménech (investigador da fidalguía e da burguesía soneirás): “Os Doménech de Laxe, familia de orixe catalá de fomentadores da pesca. A súa relación co crego Posse”; Ramón Mariño Paz (catedrático de Filoloxía Galega da USC): “A vida e a obra do crego Posse no contexto

Máis adiante, o 8-04-2017, fun convidado polo concelleiro de Turismo e Hostelería de Laxe -Xosé Manuel Pose- a dar, no Museo do Mar, unha conferencia sobre a vida e obra de don Juan Antonio con motivo do 250 aniversario do seu nacemento; acompañei a charla con imaxes, boa parte delas dos lugares leoneses nos que residiu o crego.

PAPELES VARIOS PARA MI USO, IMPORTANTE MANUSCRITO DO SEU PUÑO E LETRA ANTERIOR ÁS MEMORIAS

A todo este compendio sobre o estado das investigacións sobre o clérigo Posse cómpre engadir un longo manuscrito do seu puño e letra, de 398 folios, documento depositado no Arquivo do Reino de Galicia da Coruña. Fora adquirido pola dirección hai uns anos. É anterior á redacción das *Memorias*, como se expresa no seu tamén longo título:

Papeles varios para mi uso, extractos, citas & encuadernados en media pasta y contienen tresc. noventa y nueve folios ou ocho 398. Los que con la historia de mi vida encuadernada en un tomo en m^a. pasta mando a la Señora de Mina después de mi muerte como consta en mi testam^o. acerca de esta. Año de 1830²¹.

Levo tempo transcribindo os seus contidos, de difícil ordenación, malia contar con índices. Dalgún xeito parece un compendio enciclopédico dos coñecementos da época. De feito, nalgunha ocasión Posse manifesta nestas notas a súa admiración polos libros que compoñen «la inmensa Biblioteca del Universo, o la verdadera Biblioteca Universal» (folio 48). Escribe sobre temas diversos, algúns deles tan espiñentos -na época e mesmo agora- como a poligamia, o divorcio ou o celibato, sen que nos quede claro se se limita a copiar opinións doutros ou pretende transmitir a súa propia, como ás veces parece.

Esténdese moito no tema da educación, onde é posible que recolla ideas procedentes do seu admirado J.J. Rousseau. Aquí manifesta entusiasmo polas que el denomina as Escolas da Patria, onde se formarían as novas xeracións, os fillos

sociolingüístico da Galicia do seu tempo”. Eu encargueime da conferencia inaugural: “A figura senlleira de don Juan Antonio Posse. Actualización dos estudos sobre a súa vida e obra”.

21 Sen citalo expresamente cun título determinado, fala deste manuscrito no seu testamento do 31-01-1854: «por tanto pues si en mis papeles escritos, traducciones, extractos, apuntaciones y demás, se allare alguna cosa contraria á la religión de esta Sta. Yg[lesi]a declaro no son mías ni conforme a mi voluntad» (Lema Suárez 1998: 55).

dos ricos e dos pobres xuntos, sen distinción de clases. Cita parágrafos do pensamento de homes notables, desde a antigüidade clásica á actualidade. Non falta un apartado para mulleres famosas e sabias, coas que sen dúbida simpatizaba. O tema relixioso tamén é recorrente. Interésase polo amor e os praceres mundanos, os sentimentos da alma etc. Non deixa de investigar sobre as leis vixentes en diversos países de Europa: Francia, Holanda, Prusia, Rusia... O feito de que se abra a recoller opinións de personaxes e culturas de todo o mundo coñecido é unha mostra máis da súa mente aberta e tolerante.

Cómpre estudar polo miúdo este novo documento para profundar no seu pensamento e tamén en que medida se pode considerar a antesala da preparación da súa autobiografía de catro anos despois. Para ela hai neste manuscrito datos de verdadeiro interese: en primeiro lugar, que estes *Papeles varios* foron escritos en boa parte -ou ó completo- cando estivo preso no convento dos Franciscanos Descalzos de León, tal como así el o revela no folio 140: «En los Descalzos. A 8 de Abril de 1828». En segundo lugar, non debemos pasar por alto o que se adianta no longo título do documento: que pretendía entregalo, xunto coas súas memorias («la historia de mi vida»), a «la señora de Mina»; é dicir: á esposa do antigo guerrilleiro e xeneral Francisco Espoz y Mina, que non é outra que dona Juana de Vega, ilustre dama coruñesa de ideoloxía liberal²².

Teño para min que Posse tivo oportunidade de coñecer persoalmente a Juana de Vega e ó seu esposo na cidade de León, pois nela pasou o matrimonio, de xaneiro a agosto de 1822, os meses máis felices da súas vidas, segundo as memorias da futura condesa de Mina. O 27 de novembro de 1821 Francisco Espoz fora relevado do seu cargo de capitán xeneral de Galicia por sumarse ás críticas da Xunta de Defensa da Coruña contra a actuación do goberno dos liberais moderados do Trienio (lembramos que tamén Posse, desencantado, os criticara duramente). Como castigo foi desterrado, nun principio a Sigüenza, pero decídese retelo *sine die* en León para evitar a súa presenza en Madrid. Poucos días despois de casaren por poderes entran os dous na cidade leonesa o 14 de xaneiro de

22 Juana de Vega (1805-1872) tiña só 25 años en 1830. O seu marido, tamén perseguido polo rei absoluto Fernando VII pola súa ideoloxía liberal, estaba daquela exiliado en Londres. Volvería en 1835, pero falecería ó ano seguinte. Ó quedar viúva, dona Juana refuxiaríase na súa cidade natal, A Coruña, e convertería a súa casa nun lugar de reunión (e de conspiración) do liberalismo galego, maiormente progresista (a burguesía coruñesa era un dos principais focos liberais de todo o Estado). A súa biografía foi extensa e exemplar; colaborou na redacción das memorias do seu defunto marido e tamén ela escribiría as súas (en liña: <https://juanadevega.org/es/fundacion/historia/biografia/>).

1822. Polo que ela conta, foron recibidos entre aclamacións por numerosos paisanos²³. É de supoñer que Posse participaría moi activamente neste recibimento.

Sen dúbida o noso cura, unha vez máis maltratado en prisión, como se relata polo miúdo no seu proceso xudicial recente (pp. 183-199 das *Actas*), baixo a ameaza de cadea perpetua, humillado ata o inimaxinable, privado da facultade de dicir misa, cos seus bens «secuestrados y embargados», sen medios económicos para a súa defensa, non contaba con sobrevivir moito tempo. No seu testamento definitivo de 1854 xa non aparece ningunha mención a calquera dos dous documentos.

EL INFRAESCRITO. AS ACHEGAS DE PALOMA FERNÁNDEZ OLIVER Ó MELLOR COÑECEMENTO DE DON JUAN ANTONIO POSSE. AS SÚAS INVESTIGACIÓNS NOS ARQUIVOS LEONESES

Constituíu unha grande honra para min que a autora do libro que agora presentamos me encargase o prólogo. Aproveitei as primeiras páxinas para poñer en antecedentes ós lectores sobre o protagonista da publicación e o estado das investigacións sobre a súa vida. Quixen facer unha posta ó día.

Esta segunda parte vai estar xa dedicada a comentar o libro que nos ocupa e as investigacións da veciña desta vila, Paloma Fernández Oliver. Debeu ser en setembro de 2019 cando recibín un correo electrónico seu en que me falaba do seu interese por ese cura que fora párroco da súa vila durante tantos anos, interese que xurdira cando estaba investigando no *Archivo Diocesano* de León a xenealoxía da súa familia:

«Al buscar en mis antepasados iban apareciendo también registros de personas con el apellido Posse y yo, de paso, iba tomando nota por curiosidad. Cuando llegué al tiempo de nuestro cura sentí una gran emoción al ver sus registros de puño y letra y sus comentarios».

Como ela mesma confesa, soubo da súa existencia polos libros publicados polo escritor local Matías Díez Alonso en 1989 e 1997, relativos ó municipio de San Andrés. Foi logo, no verán de 2019, cando se puxo en serio a consultar nos arquivos en busca dos seus antepasados e descubriu a sinatura do cura, o que lle

23 ALEIXANDRE, Marilar e Emma PEDREIRA (2022): *Juana de Vega, a muller que desafiou o seu tempo*. Vigo: Galaxia (p. 40). Tamén fala da estadía de seis meses do matrimonio en León, Xosé R. VEIGA (2022): *Juana de Vega de Vega, condesa de Espoz y Mina (1805-1872). Facer no século*. Vigo Galaxia (p. 61)

causou grande emoción ó comprobar que bautizara, casara e enterrara a moitos dos seus devanceiros e mesmo que os tratara en persoa: emoción que fora *in crescendo* ó comprobar que descendentes dos dous sobriños que Posse trouxera desde Galicia emparentaran coa súa familia.

O seu irmán conseguíulle pola Rede as memorias do cura, cousa nada fácil, posto que a editorial Siglo XXI decidira hai anos non reeditar o libro, decisión pouco entendible, pois aínda hoxe hai moita xente que suspira por un exemplar. Paloma gozou coa lectura e este descubrimento levouna a facer investigacións propias coa finalidade de atopar novos aspectos da vida do crego e dalos a coñecer á veciñanza de San Andrés.

O seu primeiro contacto comigo tivo lugar cando escribiu no buscador de Google o nome de Juan Antonio Posse, e aí tamén apareceu o meu. Supoño que o enlace principal foi o https://gl.wikipedia.org/wiki/Juan_Antonio_Posse da Galipedia (Wikipedia en galego), que conta cunha ampla bibliografía.

Polo seu interese e entusiasmo pola figura do cura envíelle por correo un exemplar do meu comentario e notas á *Plática Tercera* (1998), outro das *Actas da I Xornada* (2008) e incluso copias das xa citadas cartas que no seu día me remitiran Richard Herr e Fernando Durán, os dous máximos coñecedores da vida e obra do presbítero.

NOVOS DATOS DA VIDA DE POSSE EN SAN ANDRÉS

O primeiro dato que Paloma me facilitou, unha vez iniciadas investigacións pola súa conta, xa foi moi importante para ir cubrindo espazos baldeiros na biografía de don Juan Antonio con posterioridade a 1823: que o sacerdote non tivo ningunha actividade na súa parroquia de outubro de 1824 a xuño de 1835, posto que non aparece a súa sinatura nos libros parroquiais nestes once anos.

Isto proba que continuou sufrindo persecución desde os inicios da Década Ominosa (1823-1833) e que non puidera recuperar a súa parroquia ata case dous anos despois da súa finalización («El 1^o de junio de 1835, cuando tomé la parroquia por mi cuenta...»). Persecución da que xa tiñamos noticia polo seu proceso en 1827 e posterior reclusión no convento dos franciscanos en León, no que permanecía, con toda seguridade, en abril de 1828 e do que non saíría en liberdade -aventuramos- ata despois da morte do rei absoluto, acontecida o 29-09-1833.

El infraescrito. Andanzas del cura Posse en el San Andrés del siglo XIX é o título que Paloma Fernández Oliver lle puxo á súa obra. Polo que ela di na introdución, non pretende reescribir a biografía do cura, senón dalo a coñecer ós veciños e veciñas de San Andrés: «Acercarlo como cura, como vecino, en definitiva como persona con vivencias y emociones y con una vida más que interesante».

Unha pretensión ben modesta a súa, pois abofé que logrou este obxectivo e moito máis. Certo que dedica os cinco primeiros capítulos a evocar o que o sacerdote conta nas memorias desde o momento en que tomou posesión da freguesía en 1807, pero os capítulos seguintes son investigacións propias da autora sobre a veciñanza sanandresina, adobiada coa identificación de personaxes que se citan nas memorias, e, como colofón, valiosas noticias dos familiares de Posse residentes San Andrés e novos datos biográficos do cura.

Son dúas partes ben diferenciadas, aínda que o seu labor investigador se aprecia ó longo de toda a obra con notas a rodapé. Sobre todo para aqueles que non tivesen ocasión de ler as *Memorias del cura liberal* recomendo que se recreen neste libro, onde se seleccionou o máis importante do que se refire a San Andrés, maiormente nos anos que van de 1808 a 1820, período ben axitado, primeiro pola invasión francesa e despois polas implacables persecucións de liberais por parte do rei felón.

Na guerra contra o invasor francés Paloma deixa narrar ó cura a súa versión do acontecido na comarca leonesa, que «difiere bastante el tono épico que le dan algunos autores a la sucesión de acontecimientos de la descripción bastante más realista y crítica que hace nuestro cura». Tén toda a razón: a autora refírese á mitificación a posteriori de feitos e personaxes realizada por moitos historiadores, xa desde mediados do XIX (cita a Modesto Lafuente). Posse, como Goya nos seus gravados, reflicte a pura realidade: os desastres da guerra en xeral, a brutalidade dos franceses, pero tamén dos españois. Nas guerras é difícil distinguir os bos dos malos, os valentes dos covardes. A el chegarono a prender por afrancesado e traidor; estivo en constante perigo ameazado por uns e por outros e houbo ocasións en que se salvou da morte de verdadeiro milagre.

O capítulo 4 dedícao a imaxinar como serían os lugares, os camiños e as paisaxes da época, así como as viaxes, con curiosas anécdotas. As máis longas foron a Galicia, «su tierra querida», que nunca esquecera malia de a ter deixado de neno. Documentamos no seu relato polo menos seis visitas a súa «Patria», de 1790 a 1819; en todas elas pasou polo seu Soesto natal²⁴.

No capítulo 5 empeza o longo calvario das súas persecucións por parte dos absolutistas e do propio rei. A causa principal: o discurso sobre a Constitución de 1812 que el lera e comentara ante os seus fregueses de San Andrés o 29 de novembro do mesmo ano: «El domingo 29 -apunta Paloma- nuestros antepasados pudieron escuchar de la voz del cura su famoso “sermón” además de algunos artículos de la Constitución, el de la Religión, los del Rey y otros».

24 O meu colaborador Roberto Mouzo elaborara cinco detallados mapas dos itinerarios seguidos nestas viaxes. Publicámoslos en *Un novo documento...: a Plática Tercera* (1998), pp. 39, 40, 43, 44 e 49.

No capítulo 6 proseguen as persecucións. Como noutros lugares do país, o populacho celebra con repique de campás, bailes e bebedeiras a abolición da Constitución. Celebraban a volta á submisión. As novas autoridades levan preso o cura en maio 1815 e encerraranlo durante 16 meses nunha lúgubre cela do convento leonés dos Franciscanos Descalzos. Fora o seu primeiro encarceramento. O maltrato que recibe destes frades levarao a desafoarse afirmando que «los más malos de los hombres eran los inquisidores; después los frailes; después los clérigos, y los últimos los militares». Tiña 50 anos. Non será a única vez que repita este desafo.

No capítulo 7 proporcionáanos máis información sobre os personaxes, inimigos e amigos, que mantiveron unha relación con Posse. Entre os primeiros estaban o intendente Vallejo e o seu xenro Gaztañaga, que se significaran na súa contra no proceso de 1815; entre os segundos, Francisco Álvarez Acevedo e José Álvarez Ríos. Posse tamén fala do trato recibido dos seus bispos: fala ben de Cuadrillero (falecido en 1799), non fala mal de Pedro L. Blanco e bota pestes contra Ignacio R. de Roda -que rexentou o bispado de 1814 a 1823-, que fora quen o denunciara e levara a prisión. Freires e vigairos tampouco saen ben parados nas memorias do cura.

OS HERDEIROS DE POSSE

Na miña condición de paisano deste sacerdote oriúndo dunha comarca da costa noroccidental galega e estudoso da súa vida e obra, interesoume a minuciosa investigación que a autora realizou sobre a familia do cura no arquivo parroquial, contida no capítulo 8: “Herederos de Posse en San Andrés”.

Posse trouxera consigo de Soesto a súa irmá Francisca en 1794, cando aínda estaba en Llánaves, e a dous sobriños: Tomás -en 1802, cando xa o destinaran a Lodaes- e Tomasa, en data inconcreta. Eran irmáns, fillos de Josefa Posse ou Josefa Varela -naquel tempo en zonas de Galicia as fillas adoitaban tomar o apelido das nais- e de Francisco Posse de Leis, fidalgo veciño da parroquia de San Amedio de Sarces²⁵.

25 Posse fala en 1794 nas súas memorias (p. 51) das súas tres irmás: dúas xa casadas, a primeira e a última, e a segunda, Francisca, que, por ser xordomuda -e, polo tanto, considerada non apta para o matrimonio-, a levara consigo de ama para Llánaves. A que debeu ser a irmá máis vella, Josefa, casara en 1791 co fidalgo D. Francisco Posse de Leis, quen, por ser segundoxénito, non herdou a mansión familiar -a Casa da Torre, de Sarces- e pasou a vivir na dos seus sogros, Ignacio e Mariana, en Soesto. Con posterioridade á presentación do libro de Paloma fixemos

Paloma foi reconstruíndo con sumo coidado a árbore xenealóxica dos dous sobriños emigrados a San Andrés, e comprobou que os dous tiveron ampla descendencia. Co lóxico contento, descubriu que a esposa de Tomás Posse, Magdalena Velilla, pertencía á súa familia paterna. Este matrimonio tivo cinco fillos entre 1821 y 1834, dos que sobrevivirían tres. Tomás, que foi “colector de diezmos” e mestre de primeiras letras na vila entre 1829 e 1830, morrería prematuramente, en 1841, con 50 anos. Herdaron o apelido Posse as súas fillas Petronila e Josefa. A primeira, casada en segundas nupcias con Tomás Álvarez, transmitiríallo ós seus fillos Agustín (1850) e José (1867) Álvarez Posse. O apelido acabaría perdendo, pero un neto de Agustín, Eduardo Álvarez Villaverde, sería coñecido no lugar como “El Gallego”, o que lle fai supoñer a Paloma que o alcume-xentilicio lle viría do tataravó Tomás.

Tomasa Posse, nacida en 1808, tamén botou raíces na vila. Tivo tres fillas do seu primeiro marido -Francisco Fernández (tamén parente dos devanceiros de Paloma)- e do segundo -Marcos García- dous fillos e dúas fillas. Sería a herdeira universal dos bens dos seus tíos Francisca e Juan Antonio e morrería en 1886 con 76 anos, a causa dun accidente. Sobrevivíronlle catro fillos: Heloísa Fernández Posse e Gabriel, Isabel Segunda (sic) e Ana García Posse. Paloma fotografou para o seu libro (p. 135) a lápida desta última, no cemiterio parroquial, falecida o 26 de marzo de 1939 ós 86 anos; debeu ser o derradeiro vestixio deste apelido galego nestas terras leonesas.

investigacións no *Arquivo Histórico Diocesano de Santiago* (AHDS) e achamos no libro de bautizados de Sarces e Soesto (1801-1851) as actas de bautismo dos catro fillos deste matrimonio: Tomás (1792), Ignacio (1801), Vicente Manuel (1803) e Tomasa (1808). Herdaron o apelido Posse, pero doutra rama distinta da do cura, unha rama fidalga (este apelido aínda hoxe é case endémico no concello de Laxe). Tomás, o fillo máis vello, e Tomasa, a única filla, emigraron ó reino de León onda o seu tío cura, e en terras galegas quedaron Ignacio e Vicente Manuel. Este último foi quen herdou a casa patrucial de Quintáns Meáns, pois figura entre os confirmados de Soesto en Vimianzo en 1827 por frei Rafael de Vélez, arcebispo de Santiago, xunto cos seus fillos José e Juan Pose de Leis. Este -que é o da sinatura na cuberta do impreso da *Plática Tercera*, co “Don” anteposto pola súa condición fidalga- foi o que quedou na casa familiar, que herdaría o seu fillo Manuel Pose Cundíns, vivenda que logo pasaría á súa filla Rosario Pose Pailos, nai da actual propietaria Dolores Caamaño Pose. Como se pode comprobar, a descendencia da irmá do cura Posse, Josefa, felizmente chegou ós nosos días, aínda que o apelido *Posse / Pose* que se transmitiu xa non é o propio da casa patrucial de Soesto, senón o da Casa da Torre de Sarces. (Agradezo a Sinda Cundíns Caamaño e a Xosé Ameixeiras súa valiosa axuda na reconstrución da árbore xenealóxica familiar).

POSSE: CANDIDATO Ó CONGRESO E Ó SENADO

Nada sabiamos da evolución do pensamento político do noso crego despois da publicación en 1838 da *Plática Tercera* en León, de aí a importancia da primeira das sorpresas que nos reservaba Paloma Fernández como broche final ás súas investigacións: que don Juan Antonio Posse se presentou a deputado e a senador nas eleccións de 1839 e só a senador nas de 1841. O que quere dicir que pretendeu levar á práctica a súa vocación política, como el claramente o expresara nas páxinas 4, 5 e 6 da citada *Plática Tercera* (Lema Suárez 1998: 76-79) onde defendía con ardor o dereito do clero secular a ter representación nas Cortes.

Un importante achado da autora de *El infraescrito*, do que nada sabiamos os sucesivos investigadores da vida e obra do crego, que ela localizou no *Boletín Oficial de la provincia de León*. Xa tiña o crego 74 anos. Non resultou elixido e non puido cumprir co seu soño. Seguramente era consciente das escasas posibilidades que tiña de ser elixido representante da súa provincia, dado que, como ben explica Paloma, o voto era censatario, restrinxido, reservado a unha exigua minoría de homes ricos, e don Juan, despois de tantas penalidades, non o era. A súa riqueza eran os libros.

Outro dato -máis humano, pero non menos importante- que Paloma nos proporciona como colofón é o de que en 1849, cinco anos antes do seu óbito, pagou do seu peto 500 reais dun total de 1.500 para a pintura do novo retablo maior da igrexa parroquial de San Andrés. Do restante facíase cargo o Concello. Non era pouca cantidade.

Por outra parte, o pintor encargado da obra, Julián Jesús Vallejo, era natural da Coruña, veciño de Santiago e residente en León. A Paloma non lle cabe a menor dúbida de que a elección do pintor galego foi decisión do xa ancián párroco, pois intúe que quixo dedicar unha derradeira lembranza á súa Galicia natal, «mi Patria», que sempre estivo nas súas preocupacións («Pero tengo por mi Patria [Galicia] todo el amor y toda la ternura de que un hombre puede ser capaz», p. 87 das *Memorias*). Non por iso se esquece da súa patria adoptiva leonesa, pola que tamén confesa en ocasións un cariño especial: «prefería la gloria de León a la mía propia» (p. 137 das *memorias*).

REMATE:A MENSAXE DE HERR

Como adiantei ó principio, pouco antes de que os membros do SEMESCOM presentásemos nunha librería de Santiago as *Actas da I Xornada* publicadas en 2008, recibín un *e-mail* do profesor Richard Herr, que transcribo ó completo:

«Deseo aproveitar a ocasión de la presentación de las *Actas de la I Xornada sobre a figura de Juan Antonio Posse* para expresar mi felicitación por esta obra y el congreso que le dio orixen. Para mí resulta una gran satisfacción ver como el mundo hispano y sobre todo el gallego ha llegado a apreciar este personaxe genial cuxas memorias han dibuxado un cuadro único de la España de finais del XVIII y principios del XIX. Estamos todos en deuda con los profesores Xosé María Lema Suárez y con Fernando Durán y los outros labradores en este campo²⁶, cuxa obra, surco a surco y documento a documento, nos va desterrando las hazañas y las penas de Posse, y revelándonos el mundo en que vivió. Contemos con que, como indica el título de esta obra, le seguirán outras igualmente fructíferas.

Un saludo muy cordial, Richard Herr. Berkeley, 1 de diciembre de 2008».

Como é lóxico, quedei moi contento deste eloxio, vindo de quen viña: o maior especialista na figura do crego. Pois ben, aquí temos agora, en San Andrés del Rabanedo, unha nova obra «igualmente frutífera», a que acaba de publicar Paloma Fernández Oliver, que, unha vez que entrou no que eu, festivamente, denomino “club de admiradores do cura Posse”, contribúe non só a dar a coñecer e difundir a figura do sacerdote, senón a achegar novos datos para a súa biografía. Herr non dubidaría un momento en incluíla tamén a ela no grupo de «labradores en este campo».

Teño mentes de que a partir de agora o interese pola figura senlleira de Juan Antonio Posse se acrecentará grazas a este libro, e de que os habitantes de San Andrés del Rabanedo se sentirán orgullosos de teren na súa historia durante case toda a primeira metade do séc. XIX un párroco da súa categoría intelectual -teólogo, político, filósofo, historiador, políglota (a saber en que orde!)- a pesar de que os seus escritos estiveran ignorados tantos anos.

ADDENDA

Soesto

Santo Estevo de Soesto (Laxe-A Coruña) é unha parroquia rural bañada polo océano Atlántico. Pertence á comarca de Bergantiños, unha das que conforman o espazo xeográfico hoxe coñecido como A Costa da Morte, debido a súa trágica historia de naufraxios acontecidos no seu litoral. Eclesiasticamente pertence ó arciprestado de Soneira, arcebispado de Santiago de Compostela. Como indica Posse, no Antigo Réxime formaba parte da xurisdición de Vimianzo, do señorío

26 O subliñado é meu.

dos condes de Altamira, e estaba integrada na provincia de Santiago (extinta en 1836 coa reforma administrativa do goberno liberal).

A súa extensión é de 6,10 km² e ten unha poboación de 225 hab, distribuídos nos lugares ou aldeas de Casas Novas, Castrelo, Centeal, O Rueiro, Soesto de Abaixo e Soesto de Arriba. Como se ve, non se conserva a denominación de Quintáns Meáns, e si a de Soesto de Abaixo. En 1769, na infancia de Posse, contaba con 35 veciños e entre 120 e 140 hab.

O que don Juan Antonio nunca soubo é que a súa freguesía nativa fora visitada o 25 de xullo do ano 1200 polo rei Afonso VIII de León e Galicia (IX para o cómputo oficial español) e a súa segunda esposa, Berenguela de Castela, segundo consta nun documento da época.

Tampouco tivo noticia de que o ilustrado galego frei Martín Sarmiento pasara por ela vinte anos antes de que el nacera. Foi no verán de 1745. Nesta visita este sabio frade bieito aventurou a posible etimoloxía latina do topónimo: «acaso de *sub aestu*»; é dicir: ‘ó pé do esteiro, xunto ó esteiro’; na súa praia a mar aberto desemboca un pequeno regato, que para nada forma esteiro.

O ENIGMÁTICO APELIDO POSSE / POSE

Segundo a *Cartografía dos Apelidos Galegos* do Instituto da Lingua Galega (USC) o apelido *Pose* -simplificado, cun único ‘ese’- lévano na actualidade en Galicia unas 5.788 persoas, e ocupa o lugar 109 dos nosos apelidos (en liña: <https://ilg.usc.gal/cag/Controlador?busca=POSE>). A variante arcaica *Posse* -con dous ‘eses’- consérvana 501 persoas (en liña: <https://ilg.usc.gal/cag/Controlador?busca=POSSE>).

En sendo o mesmo apelido, en total pórtano, de primeiro ou de segundo, 6.289 galegos, dos cales máis do 70 % teñen o seu núcleo de implantación en Bergantiños e na Terra de Soneira (zona norte da Costa da Morte). Na actualidade *Pose* -na súa forma simplificada- é o segundo apelido máis común do Concello de Laxe, con 324 portadores (o primeiro é Lema, con 582).

Chegouse a pensar que podería ser un apelido estranxeiro, chegado por vía marítima como outros desta costa atlántica, pero non temos ningunha proba. O latinista Xesús Ferro Ruibal, tras un minucioso estudo (2008), chegou á conclusión de que a forma orixinal do apelido, con dous eses, podería ser unha pervivencia do antigo infinitivo latino *posse*, unha das palabras latinas con maior índice de frecuencia de uso. Fundamenta a súa teoría en que na Idade Media o infinitivo latino *posse* adquiriría un segundo valor de substantivo indeclinable, con catro valores semánticos, tres deles relacionados coa palabra ‘poder’, que é

un derivado romance da palabra *posse*. En textos medievais en galego tamén se usou este latinismo co valor morfolóxico de substantivo e co semántico de ‘potestade, facultade; dominio, distrito, territorio; autoridade, posesión’. É posible que o feito de ‘propiedade’ se acabe convertendo en antropónimo, como pasou con apelidos como Señor, Dono ou Amo.

No *Centro Cultural Juan Antonio Posse* de San Andrés del Rabanedo (León), 1^o
de xullo 2022